

EU, A TEMIDA...

Agora que xa sabedes que estou aquí, quedo moito máis tranquila. E espérovos. Dende que sodes nenas fálanvos de min, da miña existencia, da miña función...Pero sobre todo do que se pode sufrir coa miña chegada. Pero sempre din: “cando suceda dentro duns anos non teñas medo”. Que ás veces podo doer, facerche sufrir un pouco, ou pasar sen que case te deas conta. Pero algo que si vos pasa a todas é que sucede; a todas, nun momento da vida, chégavos e xa non se pode cambiar. Podedes resistirvos a que pase, pero xa non hai volta atrás. É algo na vosa vida que ten que pasar e, en certa medida, dálle sentido á vosa existencia. Por iso vos digo: non me temades, a morte non dá tanto medo.

Noelia Cabaleiro Rodríguez 4º C